

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 22 DE XULLO DE 2024.**

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e oito minutos do 22 de xullo de 2024 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

### **Concelleiros/as :**

D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP) Alcalde.

D<sup>a</sup> MARILUZ EXPÓSITO PÉREZ ( PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)

D JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ (PP)

D FRANCISCO JAVIER POUSA CARRERA (PP).

D<sup>a</sup> YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ ( PP)

D<sup>a</sup> NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO ( PSOE)

D JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ ( PSOE)

D LUIS GULÍN IGLESIAS ( PSOE)

D XURXO GÓMEZ ALONSO (BNG)

D<sup>a</sup> MARIA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ ( BNG)

D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ ( RENC)

D<sup>a</sup> Noelia Rodríguez Travieso se incorpora á sesión cando se está debatindo o punto 4 da orde do día.

### **1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS: ORDINARIA DE 24 DE XUÑO DE 2024.**

Non formulándose observacións ,fica aprobada por asentimento.

### **2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 26 de xuño; dúas; unha, sobre estabilización de emprego; unha, incoación de expediente para imposición de multas coercitivas.

Do 27 de xuño; sete; unha, sobre adxudicación de contrato; tres, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre listaxe de admitidos; dúas, sobre cambio de titularidade de licenza.

Do 28 de xuño; tres; dúas, sobre concesión de ocupación da vía pública; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 1 de xullo; oito; unha, sobre permiso familiar 1º grao; unha, sobre ampliación horario ocio nocturno; unha, sobre permiso de enterramento; incoación de proc. orde de execución; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de actividade; unha, sobre remisión de documentación; unha, sobre oferta contrato de subministro, unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 2 de xullo; dezaseis; oito, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre concesión servizo de teleasistencia ou axuda a domicilio, sobre concesión de vacacións; unha, sobre permiso familiar 1º grao; unha, sobre nomeamento tribunal; dúas, sobre baixa na taxa de recollida do lixo.

Do 3 de xullo; dezasete; dúas, sobre nomeamento tribunal; unha, sobre permiso de enterramento; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre estabilización de emprego; doce; sobre liquidación plusvalía.

Do 4 de xullo; doce; catro; sobre prestación de servizos sociais; unha, sobre cambio dirección de obra; unha, sobre adxudicación contrato; unha, sobre prestación de servizos sociais; unha, sobre estabilización de emprego; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre Concilia Verán 2024, dúas, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa.

Do 5 de xullo; vinte e seis; dúas, sobre concesión de vacacións; unha, sobre devolución de ingresos indebidos; dúas, sobre permiso de enterramento; unha, sobre baixa na taxa de recollida do lixo; once; sobre aboamentos; unha, sobre concesión de vado permanente; dúas, sobre cambio de titular de actividade; tres; sobre fraccionamento de débeda; unha, sobre requirimento devolución de factura; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre tarxeta de estacionamento mobilidade reducida; unha, sobre prestación de servizos sociais.

Do 9 de xullo; trinta e catro; vinte e catro, sobre liquidación plusvalía; dúas; sobre a eficacia da comunicación previa de obras; tres; sobre alta no padrón de habitantes;

tres; sobre fraccionamento de débeda; unha, sobre permiso de enterramento; unha, sobre devolución de ingresos indebidos.

Do 10 de xullo; dezaseis; unha, sobre nomeamento tribunal; unha, sobre permiso de enterramento; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; catro; sobre fraccionamento de débeda; unha, sobre devolución matrícula escola de música; seis; sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros.

Do 11 de xullo; dúas; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre designación comisión parking.

Do 12 de xullo; vinte; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; oito, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre devolución de ingresos indebidos; unha, sobre alta no padrón de habitantes; cinco; sobre aboamentos; catro; sobre fraccionamento de débeda.

Do 15 de xullo; oito, sobre liquidación plusvalía.

Do 16 de xullo; oito; unha, sobre concesión de ocupación da vía pública; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre estabilización de emprego; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre compensación de débedas tributarias; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre aboamentos; unha, sobre liquidación plusvalía.

Do 17 de xullo; vinte e nove; unha, sobre aprobación de proxecto; catro; sobre liquidación plusvalía; cinco, sobre prestación de servizos sociais; unha, sobre contrato de subministro; dúas; sobre fraccionamento de débeda; unha, sobre bonificación IVTM +25 ; dúas; sobre aboamentos; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; tres, sobre permiso de enterramento; dúas, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; seis; sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros; unha, sobre alta no padrón de habitantes.

Do 18 de xullo; sete; unha, sobre baixa na taxa de recollida do lixo; catro; sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa.

Do 19 de xullo; seis; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; dúas,

sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre listaxe definitiva.

Do 22 de xullo; doce; dúas; sobre aboamentos; unha, sobre imposición de sanción sobre orde de execución de obras de reposición; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre concesión de ocupación da vía pública; unha, sobre baixa no IBI; unha, sobre recoñecemento de antigüidade; catro; sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 23 de xullo; dez; unha, sobre baixa no IBI; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre licenza de instalación de mesas e cadeiras; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre imposición de sanción sobre orde de execución de obras de reposición; unha, sobre sobre cambio de vehículo de autotaxi; tres; sobre fraccionamento de débeda; unha, sobre bonificación IVTM +25.

Do 24 de xullo; oito; dúas, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre anulación taxa mesas e cadeiras; unha, sobre venda forzosa por incumprimento de obrigas urbanísticas; dúas, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre exención IVTM por minusvalía; unha, sobre estabilización de emprego.

### **3.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA ADEGA E ENOTURISMO EN SANTO ANDRÉ DE CAMPORREDONDO.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

**PRIMEIRO.-**Aprobar definitivamente o plan especial, Plan Especial de protección y de infraestructuras y dotaciones para la implantación de bodega y actividades de enoturismo. Lugar de Campo Redondo , Santo Andrés

Ribadavia, redactado polo arquitecto don Juan Carlos Cabanelas Rodríguez o o xurídico don Francisco Javier García Martínez, coa seguinte indicación: Na normativa do plan especial debe sinalarse que para poder edificar en cada unha das subzonas 1.1 e 1.2 debe procederse previamente á agrupación das parcelas da subzona correspondente, e con suxeición as condicións sinaladas no informe da Confederación Hidrográfica Miño Sil para a execución das Fases I e II:

Obtención da concesión solicitada no expediente A/32/30060 para un caudal de polo menos 0,499 l/s.

Obtención da autorización de vertido v/32/00684 , de xeito que se recolla na mesma tanto caudal das augas residuais xeradas pola Fase I como pola Fase II.

**SEGUNDO.-** Publicar o presente acordo no Diario Oficial de Galicia , no prazo dun mes desde a súa adopción , e o documento que conten a normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, consonte ao establecido nos artigos 186.4 RLSG en relación cos artigos 82 LSG e 199 RLSG.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados aos cales xa se lles tivera notificado a aprobación inicial en cumprimento do establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia , de conformidade co previsto no artigo 186.4 RLSG in fine.

CUARTO. – Remitir á Consellería competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia comunicación do acordo de aprobación definitiva , así como o documento en soporte dixital, que incluírá dous formatos que se achegarán en dúas carpetas raíz comprimidas independentes, unha en pdf asinada polo equipo redactor e dilixencia e asinada polo concello , e outra en formato editable , coas declaracións responsables de que ambos documentos son idénticos, do instrumento de planeamento aprobado definitivamente, para su inscrición no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia, no prazo dun mes dende a data da aprobación definitiva, consonte ao previsto no artigo 186.4 RLSG en relación cos artigos 88 LSG e 208 a 215 RLSG.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martinez.- Boa tarde a todos e todas. Para nos é unha cuestión que se remonta anos atrás, é unha boa noticia o seu final. Se o tema se resolve mellor, pero sempre cumprindo dúas premisas sagradas: igualdade ante a lei e calquera proxecto empresarial que crea emprego boa noticia, sempre que se axuste á normativa.

O pleno ven forzado ,por imperativo legal da administración superior, hai pouco marxe de maniobra .Nos temos a nova visión como grupo. Se serve para legalizar unha situación que non debería terse producido. Nos imos a abster. En ocasións á administración lle toca resolver problemas que causan os mesmos veciños.

D Xurxo Gómez Alonso.- Nos alegramos que haxa proxectos empresariais que vaian adiante. É obrigatorio que todos cumplan a legalidade. Estaríamos encantados de que a empresa cumprise a legalidade maña. Esperemos que non sexa que isto se aprobe e , logo xa veremos que facemos coa instalación. A actuación proxectada é importante, grande.

¿ Se recollen as augas residuais? Se pudiera esperar que o concello tivera feito algo máis cando hai unha ilegalidade urbanística. Parece que se actúa ou non según quen sexa.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Non vamos a votar en contra dun proxecto que presenta unha empresa. Tamén por coherencia, cando eramos goberno o aprobamos inicialmente.

Hai algunha confusión, este proxecto contempla a retirada das augas residuais e movementos de terra. Leva aparellada a retirada da instalación, falo de memoria. É unha cuestión que o proxecto recolle, se soluciona o problema para a empresa, o concello e a imaxe do pobo. Que se cumpra a legalidade. Estamos para cumprir as leis. Todos os informes sectoriais son favorables.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- Imos votar a favor, é un trámite máis para levar a cabo o proxecto. Estamos de acordo en calquera iniciativa que conleve a

creación de postos de traballo.

Sometido a votación obtense o seguinte resultado votos a prol PP (7), PSOE (2) , abstención BNG (2), RENC (1) fica aprobada.

#### **4.- .INCLUSIÓN NA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS Á DEPUTACIÓN EN MATERIA DE RESIDUOS SÓLIDOS MUNICIPAIS A DE ESTABLECEMENTO, IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TAXAS OU PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Incluir na delegación de competencias à Deputación Provincial de Ourense en materia de residuos sólidos municipais a de establecemento, imposición e ordenación das taxas ou prezos públicos pola prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos de competencia local.

2. Trasladar o presente acordo à Deputación Provincial de Ourense aos efectos oportunos.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e vota en contra RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente



D Brais Fidalgo Martinez.- Imos manter a posición expresada en comisións. Hai un plan trazado na Deputación co beneplácito do goberno de Ribadavia. A Constitución e a Lei de Bases de réxime local consagran a autonomía local e unha serie de competencias nos municipios de máis de 5.000 habitantes, entre elas a recollida de residuos.

A nosa negativa a renunciar a esta competencia, hai alternativas mellores. Son tres os municipios da comarca neste convenio, además de Ribadavia : Castrelo de Miño e Avión. Os grandes municipios da provincia non están no convenio: Celanova, Allariz , Verín, O Barco de Valdeorras.

A lei de bases de réxime local contempla a coordinación e apoio das competencias, a Deputación está ausente. Nos gustaría que o seu apoio estivera presente en moitos servizos. A Deputación ten que apoiar aos concellos e non quitarlles competencias.

Hai unha segunda fase, a privatización do servizo. Hai que defender a soberanía e autonomía local do noso concello

Nos parece ben a agrupación con outros concellos para prestar un servizo, é defender o público. Xa se tentou na anterior lexislatura.

Solicitamos que quede o tema enriba da mesa, e se busquen outras fórmulas, colaboración con outros concellos e saír da xestión da Deputación.

D<sup>a</sup> Maria Teresa Rodríguez Estévez.- Boa tarde a todos e todas. Se nos dixo en comisións que a Deputación ten que modificar a ordenanza para pasar a cobrar o servizo, por motivos legais; é algo case imposto.

O concello, no seu momento, se saiu da mancomunidade. En realidade, case lle facemos nos un favor á Deputación; o concello paga máis do que custa recoller o lixo en Ribadavia. E a factura sube ano a ano.

O modelo de Sogama está obsoleto. Hai concellos , con moitos menos habitantes que Ribadavia, que seguen na mancomunidade. ¿ é rentable a mancomunidade?

As oito horas e trinta e cinco minutos se incorpora á sesión dona Noelia Rodríguez Travieso.

D José Ignacio Gómez Pérez.- É un tema máis que debatido, xa expusimos no seu momento, no concello e na Deputación.

Tes que adherirte ou saír do servizo. Nos sempre dixemos o mesmo neste tema, por coherencia; no momento en que a Ribadavia lle fose perxudicial a recollida de lixo pola Deputación, se estudarían outras fórmulas. Ribadavia ten capacidade para que a recollida a faga unha empresa, contratada por concurso, ou outras fórmulas, de tipo asociativo.

Non habería que facer esta suba se se tivera feito dunha maneira gradual. Hai un problema añadido do que o PSOE alertou: para o 25 de xuño vai a subir un 21% o canon de Sogama. A ordenanza pode resultar obsoleta e vai a subir máis o recibo do lixo.

Hai que plantarse, o grupo socialista votou isto na Deputación. Neste pleno hai unha moción para rexeitar a suba de Sogama, unha cousa non é incompatible coa outra. Ribadavia ten capacidade para facer as cousas de outro modo. Nin sequera está mellorando o servizo, se aínda estivese mellorando o servizo. Hai refugallos que a Deputación non recolle en moito tempo. Hai veciños que comentan que se tarda dous ou tres meses en facer a recollida. O punto limpo funciona malamente. Se decía que se ía a mellorar e ir a todas parroquias. Nesta cuestión todo está peor tras un ano de goberno. Vai costar máis e o servizo peor.

D Miguel García Domínguez.- É unha cuestión técnica, Ribadavia ao estar dentro do servizo ten que adoptar este acordo. Ribadavia xa experimentou cun servizo propio, mancomunado e municipalizado. Esta forma de recollida non ten porque ser definitiva.

D Brais Fidalgo Martínez.- Reiterar que, se aprobe ou non este acordo, hai que buscar alternativas. Ribadavia ten 5.000 habitantes e unha conformación parecida a Verín ou ao Barco. Hai unha incomparencia da Deputación en moitas cousas que marca a lei. Na oposición dicen que van a baixar os impostos, no goberno os suben e peor servizo.

Na crise da auga houbo unha total abstención da Deputación, o que é máis duro pois o dano o sufría a poboación. A Deputación en nada exerce as

competencias para apoiar as vidas dos veciños. En Ribadavia non se ve a Deputación, aínda que esté o mesmo partido no concello e na Deputación.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Non entendo o que dixo o portavoz do PP. Esa referencia a un documento técnico obvia a subida que se vai a producir. Non é un documento técnico, implica subir as taxas. Hai que decirlle as cousas aos veciños ¿ Qué pasaría con outro goberno se houbera este tema? Se o espírito crítico do pobo é éste, é perigoso , da igual o que pasa. Imos a pagar máis e non sodes quen de avisar aos comerciantes. Isto leva encuberto unha subida de taxas. Non se pode decir que está aberto o punto limpo cando non é certo.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado: votos a favor PP (7); votos en contra PSOE (3), BNG (2) e RENC (1), fica aprobada.

## **5.- MOCIÓN RENC RECLAMANDO Á DEPUTACIÓN APORTACIÓN AO ASILO.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

- 1 O Concello de Ribadavia solicita que desde a Deputación se lle dea o apoio económico e institucional à Residencia Xeriátrica de Ribadavia de maneira estable, e sen posibilidade de ser recortada
2. O Concello de Ribadavia solicita que a Deputación provincial compense os 80 mil euros non ingresados à Residencia no exercicio 2023
3. O Concello de Ribadavia solicita que Deputación e Xunta, institución que ten as competencias en materia de Residencias, se comprometan no sustento e mellora da Residencia actual, así como no apola económica para a construción da nova Residencia Xeriátrica de Ribadavia, mantendo a súa esencia pública actual

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez.- A moción foi presentada o 5 de xullo, xa fai tempo, cando o noso grupo se enterou da falta de achega da Deputación ao asilo. A excusa foi que o reparto provincial foi distinto, no ano 2023 deu unha cantidade importante para pista deportiva , e Ribadavia xa tiña a cota cuberta. É positivo que a Deputación apoie a pista, pero non a costa dunha institución moito máis básica e importante. Pedimos a unanimidade do pleno para que a Deputación compense esa perda.

Dª Maria Teresa Rodríguez Estévez.- O día 11 de xullo nos fixemos unhas preguntas por escrito sobre este tema, que non ten sido respostadas. Nos enteramos da non aportación da achega da Deputación ao asilo na xuntanza do Padroado. ¿ Se vai a esixir á Deputación que faga esa achega? É unha aportación moi importante para o asilo.

Parece que se comentou que se aplicou a outra finalidade.

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- Todos os asistentes á reunión do padroado quedamos asombrados da normalidade con que se falou de ese cambio da achega ao asilo á pista deportiva. Ribadavia volve a ser discriminada unha vez máis. Hai que darlle ao asilo o que lle corresponde.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- Imos votar a favor, estamos de acordo en todo o que sexa pedir para Ribadavia.

D Brais Fidalgo Martínez.- É bó que salga por unanimidade, pero hai que amosar despois, hai que apretar todo o que se poida. Non vale votar a favor para escurrir o bulto. É xusto e necesario reivindicar.

O vicepresidente e alcalde que reivindique na Deputación. A coherencia é moi importante en política.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **6.- PROPOSTA FESTIVOS LOCAIS 2025.**

a comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

-Propoñer , como festivos locais para o calendario laboral do ano 2025 , consonte ao disposto no artigo 37.2 do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, os días 4 de marzo, martes de entroido e 8 de setembro , Virxe do Portal.

-Dar traslado do presente acordo á Subdirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego ,Comercio e Emigración.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de PSOE,BNG e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

Sometida a votación obtense o seguinte resultado :votos a prol PP (7),

BNG (2), RENC (1); abstención PSOE (3), fica aprobada.

## **7.- MOCIÓN BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE S OGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS.**

A comisión de Servizos municipais, medio rural, medio ambiente, parques e xardíns na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

### 1. Instar á Xunta de Galicia a:

O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.

A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

A creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza.

### 2. Instar ao Concello de Ribadavia a:

Esixir da Deputación provincial un reparto de custes do servizo provincial de recollida do lixo acorde co gasto real que supón a súa recollida no noso concello.

Dotar a Ribadavia dun modelo propio que favoreza a reciclaxe a compostaxe entre a cidadanía e aposte por un concurso público ou a total municipalización da recollida de residuos sólidos urbanos no noso concello.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG; reservanse para o pleno os membros de ,PP, PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Xurxo Gómez Alonso.- Estamos totalmente en contra do modelo de Sogama, e o grupo de goberno tamén debería estar en contra. Rexeitamos tamén o modelo da Deputación, Ribadavia é dobremente perxudicada. A mancomunidade do Ribeiro cobra unha taxa do lixo de 50 euros. En Ribadavia cunha poboación e unha superficie inferior a taxa é superior, ¿ Por qué Ribadavia paga máis? ¿ Canto costaría se o fixese o propio concello? ¿ Cantos kilos de lixo se recollen en Ribadavia?

Habería que facer unha labor de concienciación para reducir o lixo que se recolle, que se fixera un bo uso do servizo. Hai que estudar e plantexar modelos alternativos.

D Brais Fidalgo Martinez.- Estamos a favor,concordamos con case todo. O modelo Sogama está obsoleto, a Xunta leva quince anos sen actualizacións.Agora dicen que non é sustentable, a mala xestión da Xunta a

pagan os veciños. Moitos se opuseron ao parque de Sogama en Carballeda porque non o proponía o seu partido.

Non teño confianza no PP para resolver os problemas da recollida de lixo, o dice a experiencia de quince anos. Quince anos sen apostar polo reciclaxe e reutilización. Este debate vai a sobrevolar toda a lexislatura, é un asunto importante.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Este tema dá para moito. Cando gobernamos o PSOE e BNG defendimos un modelo distinto. Quedaba prohibida a incineración no complexo de Carballeda de Avia.

Aos cidadáns non se lles explicou fai uns meses que ía a subir a taxa. O PP dí unha cousa cos impostos e logo fai outra. O PP se opuso ao complexo de Carballeda de Avia.

¿ Por qué se sustentan as comunidades de servizos? Teñen prebendas e subvencións encubertas da Xunta e da Deputación. O modelo Sogama é malo, nadie dice que é unha empresa mixta que canto máis queima máis gana. O megavatio está a cantidades menores que no resto da Unión Europea, o que lle supón grandes beneficios a Sogama. Este debate debería producirse no propio Parlamento de Galicia, onde, por desgracia, o PP conta cunha maioría holgada.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- Hai varios puntos de vista. A subida non é unha boa noticia. De acordo en que hai modelos máis favorables para o Medio Ambiente. A total municipalización sería contraria ao acordo que antes se adoptou.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Dixeches unha cousa que non ten nada que ver, a recollida de lixo vai a parar a Sogama. As administracións non poden



ir a outro sitio, economicamente sería inviable. As taxas se suben por dous sitios, este tema vai de cartos, non vai de outra cousa.

D<sup>a</sup> Mariluz Expósito Pérez.- Acabamos de optar polo modelo da Deputación que é o de Sogama; é o que mellor se adapta ao concello. Non é nada definitivo, se poden estudar outras opcións.

D Xurxo Gómez Alonso.-Comentamos que o grupo de goberno non apoiaría a moción. O BNG, como grupo ecoloxista que somos, seguiremos plantexando iniciativas de este tipo, insistindo na búsqueda de modelos alternativos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado: votos a prol PSOE (3), BNG (2) , RENC, votos en contra PP (7), non fica aprobada.

## **8.- MOCIÓN BNG POLA ADAPTACIÓN DOS SERVIZOS DA ESTACIÓN DE BUS Á CIDADANÍA.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Demandar da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a ampliación do horario de apertura da estación de buses de Ribadavia, para que as persoas usuarias poidan atopala aberta cando menos entre as 7:00 e as 20:00 horas.

2. Demandar que a Consellería de Mobilidade o estableza máis servizos de autobús nas franxas da mañá e o mediodía para facilitar o traslado da nosa veciñanza a centros de estudos, centros sanitarios ou sedes administrativas

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG; reservanse para o pleno os membros de PP ,PSOE , e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

Dª Maria Teresa Rodríguez Estévez.- Sería mellor debatir de forma conxunta estas dúas mocións e votar por separado.

A estación de autobús é un punto central do transporte comarcal, mermado nalguna liña nos últimos anos. Si se quiere incentivar o uso do transporte público , hai que afrontar a problemática da estación de autobús.

D Xurxo Gómez Alonso.- Nun municipio rural as comunicacións son fundamentais. Cenlle participa na area de transporte metropolitano de Ourense, Ribadavia non. Que o concello solicite participar na área de transporte metropolitano de Ourense.

D Brais Fidalgo Martínez.- Imos votar a favor, alude ao nefasto plan de mobilidade da Xunta. Estaría ben que o PP votase a favor, pero hai que ser coherentes con ese voto. Ese transporte é competencia autonómica.

A estación de autobús é un apeadeiro ,non ten ningún traballador; a Xunta non contempla reforzar a estación de autobús. Para coller o AVE os veciños teñen que ir a Ourense.

Entendo que Ribadavia non foi convocada á reunión da área metropolitana. O Plan de Mobilidade é un desastre.

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- Hai concellos limítrofes que se sumaron a esta reivindicación. ¿ Por qué non se convocou a Ribadavia? ¿ Por qué Ribadavia non se sumou como Cenlle?

Estamos de acordo coas dúas mocións.

D<sup>a</sup> Mariluz Expósito Pérez.- Imos votar a favor, como sempre que se reclaman servizos para os veciños. Non existía convocatoria ao transporte metropolitano a este concello.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez.- A falta de transporte público afecta á xente máis vulnerable. Ourense como sempre está a cola en todo. Chega o AVE pero non hai lanzadeiras. Hai unha liña de autobús que para na Cañiza pero non en Ribadavia, non se pode consentir.

Hai que darlle un repasiño á estación de autobuses, merece atención.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

### **9.- MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN DE RIBADAVIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE OURENSE.**

a comisión de Servizos municipais, medio rural, medio ambiente, parques e xardíns na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Instar ao Concello de Ribadavia a demandar á Deputación provincial e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a súa integración na comisión de transporte metropolitano de Ourense.
2. Instar ao Concello de Ribadavia a entregar diante de dita comisión o próximo 1 de setembro as necesidades concretas de mobilidade entre Ribadavia e a área metropolitana de Ourense, propondo a extensión de liñas de transporte público ou a creación das novas rutas que sexan necesarias.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG; reservanse para o pleno os membros de ,PP, PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

**10.-MOCIÓN BNG A PROL DA CONSTRUCCIÓN DE PASARELA PEONIL EN VALDEPEREIRA.**

a comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Demandar da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e do Ministerio de Transportes a dotación dunha pasarela peonil no lugar de Valdepereira, sobre a liña ferroviaria Ourense-Vigo e paralela á estrada OU-406, a fin de facilitar á cidadanía unha mobilidade peonil segura nun punto altamente transitado.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG; reservanse para o pleno os membros de ,PP, PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente

D<sup>a</sup> Maria Teresa Rodríguez Estévez.- Xa se explicou en comisións, é unha zona moi transitada. É absurdo coa cantidade de cartos gastados que quede como un perigo para vehículos e viandantes.

D Brais Fidalgo Martinez.- É unha reivindicación dos grupos dende 2015 polo menos. Eu aposto por manter a actual ponte, hai fórmulas para facer un paso peatonal.

D Luis Gulín Iglesias.- Imos apoiar a moción, é necesario eliminar os puntos negros. Na Foz houbo un problema similar. Hai moitos veciños que pasean por ahí, hai unha certa inseguridade, é un punto negro a eliminar. Estamos a favor de construír unha pasarela peonil, estudando a ubicación e a fórmula xurídica. Comprendemos a inqueda.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- Estamos a favor, é un tema que peharemos, é necesario.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

#### **11.- MOCIÓN RENC PARA QUE O CONCELLO ENDUREZA A NORMATIVA E VIXILANCIA DE LIMPEZA EN RÚAS, PARQUES E RIBEIRAS DO RÍO.**

a comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Que o Concello de Ribadavia endureza a normativa sancionadora, e sobre todo a vixilancia e a actividade sancionadora a aquelas persoas que incumpren sistematicamente a normativa de limpeza.
2. Que o Concello de Ribadavia realice labores de limpeza nas ribeiras do río, alí onde se concentran persoas para o baño e outras actividades de lecer.
3. Que o Concello realice labores de vixilancia e sanción, se fora preciso, nas zonas e horas nas que se concentran estas accións que perxudican a convivencia e limpeza do noso entorno.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o

seguinte resultado: votos a prol, RENC; reservanse para o pleno os membros de PP,PSOE , BNG. . Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez.- Como expuse en comisión, é unha proposta en positivo. Se hai que sancionar que se sancione ao que incumple. Hai que cortar de raíz esta cuestión, depende do goberno.

Dª Maria Teresa Rodríguez Estévez.- Totalmente a favor, xoga un papel importante o civismo da xente.

D José Ignacio Gómez Pérez.- O civismo vai da man de educar e da pedagogía, non exime a responsabilidade dos gobernantes. O PP leva 20 anos facendo crítica nos bares.Os veciños agora non dicen nin critican nada, dan todo por bó.

Respecto á area de transporte metropolitano aproban a moción, pero ¿ onde estaban cando se fixo a reunión?

Os baches do camiño do río levan ahí dende que nos deixamos de gobernar.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- Imos votar a favor, o aceptamos como unha proposta en positivo.

D Brais Fidalgo Martinez.- Sabemos que o problema é difícil.

Sometida a votación é aprobada por unanimidade.

## **12.-MOCIÓN RENC PARA QUE O CONCELLO REALICE MELLORAS NO PASEO FLUVIAL DO RÍO AVIA EN RIBADAVIA, REGODEIGÓN E FRANCELOS, E REFORCE O SEU CARÁCTER PEONIL.**

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 18 de xullo de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Que o Concello de Ribadavia arranxe o seu pavimento, arranxe as luminarias cando non funcionen, e reforce o carácter peonil desta senda, invadida por coches sen dereito de acceso.
2. Que o Concello de Ribadavia solicite a colaboración da Confederación Hidrográfica, Xunta e Deputación para conseguir recuperar e dinamizar a zona.
3. Se planten novas especies autóctonas de árbores onde secaron os amieiros a causa da grave praga de fungos vivida no Avia fai unha década, e se faga co asesoramento de especialistas medioambientais.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC, PSOE; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martinez.- Se busca a mellora dunha infraestrutura moi usada. O goberno de coalición mellorou substancialmente esta senda. Se puseron sinais e se arranxou o pavimento. Co Plan marco se puseron luminarias ,permitiu que a xente pasease máis tarde.

Nesta lexislatura non se fixo nada practicamente.

D Xurxo Gómez Alonso.- Hai que habilitar algunha zona de baño máis. As luces sempre está apagadas, que se mire e se arranxe. Extendemos a reivindicación ao camiño de Francelos.

D José Ignacio Gómez Pérez.- O alumeadado público do camiño da Veronza leva máis dun mes apagado por deixadez do goberno. Ibais a arreglar todo e non arreglais nada. Isto é unha falta de respecto ao pleno.

Alcalde.- Centrese na cuestión que estamos tratando.

D José Ignacio Gómez Pérez.- Os concelleiros do PP entablan conversación conmigo, non eu con eles.

O alumeda non se mantén, o digo en cada comisión que hai. Se o concello non é quen de arranxar o reloxo, como se vai a arranxar isto. É unha obviedade que o paseo non está en condicións.

O que dice o concelleiro de deportes é bastante grave, xa está ben de faltas de respecto.

Un interventor do PP dixo que as luces do paseo eran contaminación lumínica, agora pasea cos perros, debe levar antifaz e os perros tamén. Eiqui se silba e interrompe ao que fala.

Dª Mariluz Expósito.- Imos votar a favor, o acollemos como unha petición de mellora.

D Brais Fidalgo Martínez.- Vexo certa apatía na sociedade, os veciños terían que facer esta reivindicación. Nun ano e medio non se fixo nada no paseo do río.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

### **13.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

Non houbo.

### **14.- ROGOS E PREGUNTAS.**



D Brais Fidalgo Martínez.- Pedimos ao goberno que se faga unha modificación de crédito para colaborar con UNRWA en Gaza, para unha colaboración humanitaria ante o xenocidio que está perpetrando o estado de Israel.

Que a policía local emita un informe sobre o aparcamento no centro de saúde, sobre como saen as ambulancias e os coches dos pacientes de mobilidade reducida.

E sendo as dez horas e trinta e tres minutos o alcalde-presidente levanta a sesión.

Reivindicar que a Xunta compre o soar anexo ao centro de educación na rúa Carballiño.

Que a policía local controle os vehículos no casco histórico.

Preguntar pola matrícula na Galiña Azul.

Nunha entrevista en La Región o alcalde alude a un hotel que supón unha inversión nunha zona degradada, se ven a decir que dito inmovible non se adquiriu pola Xunta pola subasta feita no anterior goberno, hai que ter máis tacto co inversor. Ese hotel non foi a causa de que se paralizase o Rexurbe.

Alcalde.- Seguimos traballando para buscar unha solución á matrícula da Galiña Azul, seguen dez persoas na lista de agarda.

D Xurxo Gómez Alonso.- A Xunta de Galicia ten adquirido un edificio en Ribadavia para vivendas sociais, ese edificio permite cinco vivendas. Se dice que o edificio costou a súa adquisición 1.500.000 euros; si ese importe é certo saería cada vivenda a 300.000 euros. É totalmente inasumible.

Fai uns plenos se aprobou unha moción sobre o tráfico en San Cristovo, a circulación é un auténtico perigo, preguntar qué se fixo coa moción.

Preguntar pola situación dun muro en Fornos en mal estado

Alcalde.- O edificio se adquiriu en 180.000 euros e vai a saír en alugueiro social.

Tomamos nota do rogo en San Cristovo.

O muro da rúa Fornos ten un expediente aberto.

D<sup>a</sup> María Teresa Rodríguez Estévez.- Preguntar polo contrato de aluguer da estación de tren, espazo a recuperar. ¿ Canto vai a costar?

¿ Hai un día fixo para recoller os enseres a Deputación?

Alcalde.- O contrato está a disposición en Intervención, o custe é 200 euros.

Non hai día fixo para a recollida.

Os prezos públicos do teatro son os mesmos de sempre, non houbo cambios.

E sendo as dez horas e trinta e tres minutos a presidencia levanta a sesión.